



*Cando marzo maiea,  
maio marcea,  
mais desta xeira,  
marzo marceou,  
maio maiará?  
Xa se verá...*

Ola meteobaianos e meteobaianas! VI entrega do **Dígocho Eu** meteorolóxico e desta volta estamos de estrea: temos a nosa propia estación meteorolóxica! (Fotos 1 e 2). Este mes de marzo recollemos os datos @s alumn@s de 5º B, 5º C, 6º B e 6º C. Na foto 3, Alberto e Manuel Sánchez de 6º C.

**Foto 1**



**Foto 2**



Xa abundaba con manexar os datos de Meteogalicia e da Aemet e agora por enriba, outra estación máis!

Fóra bromas, esta semana fixámonos noutra fonte de información climática e meteorolóxica á parte do que nos ofrecen as referidas estacións: o **refraneiro popular**. Nel contense moita sabedoría sobre os distintos ritmos e manifestacións meteorolóxicas ao longo dos distintos meses e estacións do ano. E a propósito do mes que acabamos de rematar temos o dito que encabeza estes parágrafos, que ven dicir algo semellante a aquel outro de *Marzo claro, maio pardo*. Coñecedes vós algún refrán máis sobre este mes ou sobre outros? Se queredes, segundo vaian pasando os meses **podedes ir aportando ao Dígocho Eu** os refráns que saibades.

Por certo, estreamos un mes sobre o que moito se di *En abril, augas mil*. Pero..., será aplicable este refrán a Galicia? **A resposta deixámola** para o Dígocho Eu deste mes entrante. Mentres, para resolver a cuestión ide pensando en aspectos como de onde xurde este refrán sobre abril, por que clima virá dado?

Centrémonos xa na análise do mes que acabamos de rematar, **marzo**. O refrán da cabeceira ven dicir que cando en marzo vai bo tempo, logo acostuma vir un maio máis inestable, como quen di que o que non veu antes, ven depois.

Pero este mes de marzo comportouse na liña de como nel é propio, mes de avance primaveral no que ratos ou días de chuvia e de sol adoitan sucederse, sen ter que ver co tempo típicamente invernal de case continuo chover, nin co case continuo sol do verán. De feito, como se ve no gráfico 1, este mes de marzo rexistrou significativamente máis **precipitacións** que febreiro, sobre todo na estación de Cespón, que ata o día 27 recolleu 205 litros. A nosa estación Digocho Eu, que comezou a funcionar o día 8, recolleu 132 litros.

Foto 3



Gráfico 1




Gráfico 2





Gráfico 3



Canto ás **temperaturas**, a máxima deuse precisamente ese día 27, 23,2°, e marcouna Cespón, mentres que a mínima deuna a estación do Digocho Eu con 0,8° o día 7. A súa evolución ao longo do mes caracterizouse por un progresivo aumento, tanto no caso das máximas como das mínimas (gráficos 2 e 3), a partir da metade do mes, debido á ocorrencia de situacións de sur a surleste que nos aportaron masas de aire norteafricanas, que a estas alturas de ano comezan xa a se requentarmos. Foron os días da calima. E tamén se debeu ao aumento das horas de insolación a causa da maior altura solar.

Gráfico 4







Gráfico 5



**Gráfico 6**




**Gráfico 7**




Os gráficos 4 ao 7 mostran unha comparación entre os meses de febreiro e marzo en máximas e mínimas da estación da Aemet do colexio e da de Meteogalicia en Cespón.

Canto á previsión para esta **fin de semana**, hai que dicir que esta semana veu marcada por dúas situación diametralmente opostas. Unha, a de comezo da semana (figura 1), herdeira aínda desas masas de aire de procedencia sur a surlleste que, en contraste co aire frío das capas altas da troposfera que se descolga cara o sur desde as borrascas atlánticas que, nestas datas, circulan normalmente xa moi ao norte; xeneran procesos tormentosos. Con esta situación, as temperaturas foron aínda suaves, aínda que con presenza de nubes, en función deses mecanismos tormentosos que non chegaron a se intensificar e xenerar inestabilidade.

**Figura 1**



**Figura 2**



E a outra situación (figura 2), caracterizada polo aire frío que, xa en superficie, nos chegou cunha compoñente moi norte a partir do mércores, que fixo refrescar as temperaturas respecto das de días pasados. Iso sí, para nós a presenza anticiclónica fará predominar o sol sobre as nubes, e deixaranos, aínda que con chaquetiña, sobre todo polas mañañas, desfrutar do aire libre.

**Boa fin de semana meteobaianos e meteobaianas e ata a próxima!**